

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN E A ASOCIACIÓN GALEGA DE ÁRIDOS PARA ACTUACIÓNS DESTINADAS A MELLORA DA SOSTIBILIDADE E SEGURIDADE E SAÚDE NO SECTOR DA INDUSTRIA DE EXTRACCIÓN DE ÁRIDOS DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Consellería de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Consellería formalizou coa Asociación Galega de Áridos o convenio arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data da súa sinatura ata o 15 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

regular a colaboración entre a CEII e a ARIGAL para levar a cabo durante o ano 2023 unha actuación de fomento da sostibilidade e mellora da seguridade e saúde no sector da industria de extracción de áridos en Galicia, en concreto:

Adquisición dun comprobador de axuste facial Portacount 8048.

As actuais normativas e regulamentos ao respecto, p.e. a recente ITC 02.0.02 "Protección dos traballadores fronte ao risco por inhalación de po e sílice cristalina respirable SCR" establecen a necesidade de adaptar os EPR ao usuario co fin de garantir a súa estanquidade.

Coa adquisición do comprobador de axuste, ARIGAL ampliará e actualizará aos requisitos normativos mais exixentes a formación a impartir no ámbito da seguridade e saúde, e, en particular, no relativo aos EPR. A elección do comprobador Portacount 8048 levouse acabo previo análise dos tipos de protectores faciais mais utilizados no sector, que son os reutilizábeis FFP3, para que fora compatíbel cos mesmos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en aras á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O artigo 48.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que as administracións públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poden subscribir convenios con suxeitos de dereito





público e privado, sen que iso poida supoñer cesión da titularidade da competencia, sinalando no seu apartado 3 que a subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

O Decreto 116/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación (DOG núm. 126, do 04.07.2022), configura esta (actual Consellería de Economía, Industria e Innovación conforme ao Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia) como o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde o exercicio das competencias e funcións nos ámbitos de promoción e dinamización da actividade mineira e do aproveitamento dos recursos minerais. As competencias en materias de minas están atribuídas á Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais e a este centro directivo correspóndelle, en particular, o impulso de plans, programas, medidas e incentivos económicos orientados ao desenvolvemento, á innovación, ao incremento da competitividade e á internacionalización do sector mineiro de Galicia.

A ARIGAL, ten entre os seus fins, segundo reflicte o artigo 5 dos seus estatutos, promover a utilización e a calidade axeitada dos áridos potenciando o perfeccionamento da normativa técnica aplicable, así como apoiar e fomentar a realización de cantas actividades tendan ao mellor logro dos seus fins, entre os que está o de representación dos seus asociados e a defensa dos intereses lexítimos das actividades industriais, de fabricación e de comercialización de áridos naturais e reciclados.

A actuación obxecto do convenio responde ao interese xeral e existen razóns de interese público, social e económico que xustifican, conforme ao artigo 19.4.c) e 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a colaboración da Xunta de Galicia, a través da CEII, no financiamento das ditas actuacións.

A Consellería de Economía, Industria e Innovación achegará ata un máximo de DEZASEIS MIL DOUSCENTOS QUINCE EUROS CON VINTE E UN CÉNTIMOS DE EURO **(16.215,21 €)**, con cargo á aplicación orzamentaria **05.03.734A 780.0 "Plan sustentabilidade", proxecto 2023/00004**, na que existe crédito adecuado e suficiente para tal fin.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.





En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data indicada na sinatura dixital
O director xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais
Pablo Fernández Vila

